

CONCELLO DE ENTRIMO
(OURENSE)

*Praza do Concello 1, Terrachán
32860 – ENTRIMO (Ourense)
Tlf:988434666 Fax:988434610
concello.entrimo@eidolocal.es*

Anuncio de adxudicación

En cumprimento do disposto no artigo 151.4 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, faise pública a resolución de adxudicación por Decreto da Alcaldía de data 20 de xullo de 2012, por procedemento menor, da contratación da obra “recuperación de forno e lavadoiro”, co seguinte tenor literal:

“DECRETO 20/07/2012

Visto que con data 29 de agosto de 2011 aprobouse a subvención para a “recuperación de forno e lavadoiro” por un importe total de 29.617,40 euros, por resolución do Secretario Xeral Técnico da Consellería do Medio Rural, por delegación do Conselleiro, ao abeiro da Orde do 10 de xuño de 2010 pola que se establecen as bases reguladoras, así como a súa convocatoria para os anos 2010-2011, para a concesión de axudas en materia de conservación dos recursos naturais e o fomento de accións para a poboación local para o desenvolvemento sustentable dos espazos declarados como parques naturais na Comunidade Autónoma de Galicia, co detalle que se transcribe

Investimento	Subvención	2012	2013
34.948,53 €	29.617,40 €	19.357,93 €	10.259,47 €


Visto que mediante Providencia de Alcaldía de data 20 de xullo de 2012 foi acreditada a necesidade deste Concello de contratar a obra de “recuperación de forno e lavadoiro” cuxo prezo ascendería á cantidade de 29.617,40 euros e 5.331,13 euros de IVE.

Visto que con data 20 de xullo de 2012 emitíronse informes de Intervención e de Secretaría sobre a existencia de crédito suficiente e adecuado para financiar o gasto que comporta a celebración do contrato, a lexislación aplicable, o procedemento a seguir e o órgano competente para aprobar e adxudicar o contrato.

Vista a documentación que consta no expediente, **RESOLVO:**

Primeiro: Aprobar o expediente de contratación e autorizar na contía de 34.948,53 euros (IVE incluído) o gasto que representa para este Concello a contratación referenciada.

Segundo: Adxudicar o contrato menor relativo ás obras de “recuperación de forno e lavadoiro” á empresa “BENITO BASTOS, S.A.” con CIF A32023947, con domicilio a efectos de notificacións en A Illa s/n, Entrimo, por un importe de 29.617,40 euros e 5.331,13 euros de IVE.



CONCELLO DE ENTRIMO
(OURENSE)

*Praza do Concello 1, Terrachán
32860 – ENTRIMO (Ourense)
Tlf:988434666 Fax:988434610
concello.entrimo@eidolocal.es*

Terceiro: Que o adxudicatario achegue a documentación seguinte:

- Relación dos traballadores que serán ocupados na execución da obra e certificación da súa alta na seguridade social.

Cuarto: Comunicar este acordo á empresa adxudicataria.”

Entrimo a 20 de xullo de 2012.

O alcalde

Ramón Alonso López

